

CALL ME BY YOUR NAME

[Luca Guadagnino, 2017]

340

ESTREA EN NUMAX: 02.02.2018 | V.O.S.E. | +12

Call Me By Your Name (2017, 130')

Dirección: Luca Guadagnino

Guión: James Ivory, Luca Guadagnino (Novela: André Aciman)

Elenco: Timothée Chalamet, Armie Hammer, Michael Stuhlbarg, Amira Casar, Esther Garrel, Victoire Du Bois

Son: Adam Howell

Montaxe: Walter Fasano

Vestuario: Giulia Piersanti

Dirección de arte: Roberta Federico

Música: Sufjan Stevens

Fotografía: Sayombhu Mukdeeprom

Produtoras: Frenesy Film Company, RT Features, La Cinéfacture, Water's End Productions, M.Y.R.A. Entertainment, Ministero per i Beni e le Attività Culturali, Lombardia Film Commission (Italia)

Distribuidora: Sony Pictures

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés, italiano, francés, alemán, hebreo

FILMOGRAFÍA

Cegados polo sol, 2015

Yo soy el amor, 2009

Melissa P., 2005

The Protagonists, 1999

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 2018 (4 nomeamentos), Toronto 2017 (Sección Oficial), Gotham 2017 (Mellor filme e actor novel —Timothée Chalamet—), Satellite Awards 2017 (3 nominacións), Berlín 2017 (Nomeado a mellor filme), Donostia 2017 (Perlas), Melbourne 2017 (Premio do Público)

SINOPSE

Un mozo pasa unha vez máis o seu verán no norte de Italia. Nunha vila familiar do s.XVII, Elio ocupa os seus días entre a música e o flirteo con Marzia. Pero a monotonía acaba cando chega á casa o novo axudante de seu pai, Oliver. Un mozo intelixente e estudoso de 24 anos que lle cambia a vida para sempre.

«Películas tan especiais como esta non se ven acotío, unha mestura única de sensualidade e vulnerabilidade»

Nando Salvà, SCREENDAILY



CALL ME BY YOUR NAME

[Luca Guadagnino, 2017]

“Gosto de esquecer o guión xunto cos meus actores e empezar de cero a tecer unha tea”

Entrevista con Luca Guadagnino
Por Vittoria Scarpa

Que cres que impactou máis do teu filme aos xurados da Academia?

Chéganme moitas cartas de mulleres, homes, mozos e novos, que me din que ver o filme os transformou e lles fixo superar e desatar nós. É unha obra sobre a empatía, a compaixón, a transmisión do saber, a capacidade de mirarse no outro... Creo que son formas emotivas moi necesarias nunha época tan atomizada e cabreada como a nosa.

Call Me By Your Name conta unha historia de amor homosexual pero tamén é un filme sobre a familia que pode chegar a quen queira. Cal é o seu segredo? Non creo que sexa unha historia de amor gai senón un filme sobre a alba dunha persoa que se converte noutra. Tamén é unha obra sobre o desexo, máis alá de todo xénero, e, por último, si, é un filme arredor da familia. Ocorrésese que este poida ser un primeiro paso cara un canon que admiro desde sempre: o de Disney, ou sexa, certo tipo de relato emotivo no que o grupo de familia é un lugar no que todos se fan mellores entre si.

O filme dá conta do descubrimento da sensualidade. O discurso final do

pai de Elio, así como a actitude da nai denotan unha apertura mental que hoxe parece increíble para os anos 80...

1983 supón o ocaso dunha época que dá lugar aos tempos que vivimos aínda hoxe. A capacidade de ser así de abertos a nivel intelectual propia da xeración dos 70, a partir do 68, transformouse nunha especie de inarticulación, polo que nos parece estraño que os pais sexan capaces de transmitir un saber igualmente emotivo aos seus fillos.

Como inflúen os actores no aspecto estético, nos movementos elegantes e envolventes, así como nese son tan particular?

Aprendín co tempo que o máis importante é o movemento dentro do encadre; ou sexa, como adquire vida a escena a partir dos elementos singulares que a compoñen. Eu gosto de esquecer, xunto cos meus actores, o guión e empezar de cero a tecer conxuntamente unha tea. Despois vén a fase máis importante: a montaxe, onde temos o deber de que esta tea creada no estudio se exalte e resalte toda a verdade que desprende o traballo dos actores. O meu querido amigo Walter Fasano, con quen traballo desde hai case trinta anos, comparte comigo a paixón por un imaxinario deconstrutivista: gústanos atopar a harmonía na disonancia.

Cal é a túa relación co cinema italiano?

Sénteste un lobo solitario? Non son un solitario como din pero, debido á miña formación, creo que o cinema é algo transversal, sen xerarquías relacionadas coa nacionalidade. A experiencia que máis me influíu cinematograficamente son as novas ondas, eses movementos que

revolucionaron a linguaxe do cinema, en Brasil, Francia, Alemaña, Xapón. Dito isto, a miña relación co cinema italiano é espléndida: teño relacións de recíproca influencia con moitos cineastas, algúns deles italianos.

Que comentario ao teu favor por parte dalgún compañeiro de profesión che gustou máis?

Nos Globos de Ouro achegouseme Christopher Nolan e díxome que a maneira en que presentara os 80 era impresionante. Aquela frase encheume de orgullo porque me considero un artesán.

En que medida inflúen no teu traballo cinematográfico as túas raíces palermitanas?

Sen dúbida hai algo delas nas miñas películas; o inconsciente nunca mente. De Palermo creo que aprendín a sensualidade. Pero tamén é un lugar agresivo e violento.

É verdade que Call Me By Your Name podería ter unha secuela?

Experimento unha gran paixón por estes personaxes e polos actores que os encarnan. Cando volví ver a película en Berlín, co público, tiven a sensación de que, en efecto, as vidas de Elio, Oliver, o señor Perlman, a súa muller, as amigas, na súa sinxeleza, poden dicir algo sobre nós, así que se ocorre que nos volvemos reunir todos, talvez contemos algo sobre estes personaxes, sempre lembrando con humildade a lección de François Truffaut e as súas películas con Antoine Doinel. Está claro que nós temos o noso Doinel.

Publicado en cineuropa.org
Tradución: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

Lláname por tu nombre, André Aciman
Alfaguara, 2018.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
e ven sempre
por
4,5€

**Faite
NUMAX!**